

1.6 Outros aspectos salientables

Para pechar o informe, este último capítulo repasa outros aspectos de interese en relación coa aplicación das TIC nas asociacións, especificamente o seu emprego en actividades de aprendizaxe, a formación en TIC do persoal ligado á asociación e o desempeño da función tecnolóxica na entidade.

1.6.1 As TIC como ferramenta de aprendizaxe

As TIC son empregadas polas organizacións de iniciativa social como ferramentas de aprendizaxe tanto para os seus traballadores (12,3%) como para os seus asociados (16%).

Máis dunha de cada dez asociacións empregan as TIC –fundamentalmente a teleformación– para desenvolver actividades formativas, destinadas tanto aos seus traballadores como aos seus asociados.

Estes datos do 12,3% e o 16% deben ser valorados positivamente se se poñen en contexto. Así, segundo o INE (*Encuesta sobre el uso de las Tecnologías de la Información y las Comunicaciones y del Comercio Electrónico. 2004.Octubre 2005*), o 31% das empresas entre 10 e 49 empregados usan a Internet para formaren aos seus traballadores. Considerando que, segundo a tendencia dos restantes indicadores, no segmento de tamaño inmediatamente inferior o valor de penetración será tamén significativamente menor, as asociacións non se atopan nun mal nivel de uso.

A Figura 42 e a Figura 43 amosan a desagregación destes valores por ámbito de actividade.




Figura 42: Porcentaxe de asociacións que empregan a teleformación para formar aos seus traballadores permanentes.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾




Figura 43: Porcentaxe de asociacións que empregan o e-learning para formar aos seus asociados.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾

1.6.2 Formación en TIC

Ao longo do último ano, o 11% dos traballadores e o 20% dos asociados recibiron formación en TIC no último ano.

Neste contexto, só unha de cada catro asociacións entende que ten capacidade para desenvolver actividades formativas TIC por si mesmas.

En tódolos casos, as organizacións económicas e profesionais amosan os indicadores máis elevados.

As asociacións desenvolveron accións formativas en TIC nos últimos doce meses tanto para os seus traballadores (un 11% das organizacións) como para os seus asociados (un 20% das mesmas). En ambos os casos, pola súa natureza, as organizacións económicas e profesionais amosan os indicadores máis elevados: un 27% e un 33%, respectivamente.




Figura 44: Asociacións nas que os seus traballadores permanentes recibiron formación en TIC no último ano, por ámbito de actividade.
 Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾




Figura 45: Asociacións nas que os seus asociados permanentes recibiron formación en TIC no último ano, por ámbito de actividade.
 Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾

Na orixe destes niveis de actividade formativa en TIC moi probablemente se atope o feito de que tres de cada catro asociacións non teñen capacidade por si mesmas de desenvolver estas actuacións.




Figura 46: Asociacións con capacidade por si mesmas para desenvolver accións formativas en TIC, por ámbito de actividade.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾

Preguntadas as asociacións sobre que apoios demandan para poderen levar a cabo ditas accións formativas, a distribución de respostas é a que se representa na Figura 47.




Figura 47: Tipos de apoio demandado para o desenvolvemento de accións formativas en TIC nas asociacións galegas.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI*⁽¹⁾

1.6.3 A función tecnolóxica nas asociacións

Só unha de cada dez asociacións ten persoal dedicado ás TIC, o que se compensa parcialmente coa contratación de servizos de mantemento.

Esta limitación é en boa parte económica, xa que, nunha media, as asociacións galegas só poden destinar 6.000 euros anuais ás TIC, cifra que se reduce á metade se se exclúen as económico-profesionais.

A Figura 48 representa a distribución por ámbito de actividade das asociacións con persoal dedicado ás TIC. Unicamente un 11,7% do total dispón desta posibilidade; no caso máis favorable, o das organizacións económicas e profesionais, apenas unha de cada cinco entidades dispón destes recursos.




Figura 48: Asociacións que posúen persoal propio dedicado ás TIC, por ámbito de actividade.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

Se se considera o persoal dedicado exclusivamente á función tecnolóxica, a porcentaxe descende ao 10,4%, segundo a distribución representada na Figura 49. Do total deste persoal, o 73% son homes e o 27% mulleres.




Figura 49: Asociacións que posúen persoal propio dedicado exclusivamente ás TIC.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI⁽¹⁾

Polo que se refire á capacidade económica, as asociacións galegas destinan unha media de algo máis de 6.000 euros anuais a investimento e gasto TIC. A variabilidade é moi alta, xa que, por ámbito, oscilase entre os 18.000 euros das asociacións económicas e profesionais –as únicas que se atopan por riba da media– e os pouco máis de 1.000 euros das xuvenís.




Figura 50: Cantidade anual destinada polas asociacións galegas ás TIC.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI⁽¹⁾

Finalmente, parte destes recursos destínanse a servizos de mantemento que palíen a

falla de persoal informático. Entre o 15% e o 25% das asociacións teñen contratado algún destes servizos, ben para microinformática, servidores/redes ou aplicacións.




Figura 51: Servizos de mantemento contratados nas Asociacións.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾